

# **REUNIÓN DA COMISIÓN 8.<sup>a</sup>, PESCA E MARISQUEO**

Día: 23.03.2017      Hora: 10:30

A Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 23 de marzo de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Proposicións non de lei en Comisión**

- 1.1 3238 (10/PNC-000320)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio  
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar a situación de inseguridade existente para os mariñeiros e embarcacións no porto de Corcubión  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017*
- 1.2 3326 (10/PNC-000331)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Casal Vidal, Francisco  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación na que se atopa a actividade do marisqueo na ría de Sada  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017*
- 1.3 3751 (10/PNC-000353)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno do Estado coa empresa Alcoa destinadas a abrir ao tráfico comercial o dique norte do porto comercial de San Cibrao  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017*
- 1.4 4404 (10/PNC-000417)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio  
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da ratificación do Convenio 188 da Organización Internacional do Traballo, referido ás condicións de emprego, traballo e vida a bordo das persoas que traballan nos barcos de pesca  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017*
- 1.5 4830 (10/PNC-000467)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis  
Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante da Unión Europea en

relación co tipo de botiquín de medicamentos exixido para as embarcacións da frota de baixura

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017*

- 1.6            5374 (10/PNC-000513)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis  
Sobre a creación polo Goberno galego dos puntos de amarre para embarcacións recreativas necesarios para atender a demanda existente no Porto Chico de Foz  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017*
- 1.7            5379 (10/PNC-000514)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre a unificación polo Goberno galego da cota pesqueira galega e a demanda ao Goberno central de establecemento dun novo modelo de repartición de cotas baseado en criterios de mantemento da actividade e do emprego  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

Marta Rodríguez Arias  
Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

## **Vogais**

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo

Día: 23.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei en Comisión

**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 23.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 3238(10/PNC-000320)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar a situación de inseguridade existente para os mariñeiros e embarcacións no porto de Corcubión

*Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017*



Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O porto de Corcubión acolle a profesionais de Corcubión, Fisterra, Cee e Dumbría, polo tanto ten unha gran repercusión na comarca, e a falla dunha dársena con pantaláns para amarrar as embarcacións está a causar gran preocupación no sector mariñeiro pola inseguridade e o perigo que representa para eles e as súas embarcacións.

Xa, no Goberno de Emilio Pérez Touriño, se detectou a necesidade de levar a cabo investimentos, cun porto deportivo de 310 prazas e outras 120 en dique seco. Non obstante, o proxecto quedou esquecido, a pesar da actividade do club náutico.

A embarcación *Hermitas* é o último exemplo dunha longa lista de embarcacións que se perderon á espera de investimentos.

Polo tanto, diante desta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que á vista da grave situación de risco que se produce no porto de Corcubión, adopte urxentemente as medidas que sexan necesarias para paliar a situación de inseguridade, e ofrezga aos mariñeiros e ás súas embarcacións un refuxio fiable e adecuado.

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/01/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 3238**



Data envío: 12/01/2017 14:24:10.031



---

**Grupo Parlamentario**

**María Dolores Toja Suárez na data 12/01/2017 14:21:06**

**Julio Torrado Quintela na data 12/01/2017 14:21:23**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/01/2017 14:21:31**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



**Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**

**Día: 23.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 3326(10/PNC-000331)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación na que se atopa a actividade do marisqueo na ría de Sada

*Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**, **relativa á situación da actividade de marisqueo na Ría de Sada.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación dos bancos marisqueiros na Ría de Sada atópase nunha situación límite. Das máis de 50 mariscadoras e mariscadores que había, nestes momentos só desenvolven esta actividade 8 persoas.

As causas achácanse a diversos motivos que nunca foron acometidos para buscar solucións sostibles. Entre eles podemos citar:

- Falta de rexeneración da praia afectada polos recheos realizados, temporais, etc. Existe un proxecto de rexeneración desde fai 10 anos que nunca foi acometido.
- As frecuentes riadas procedentes do Río Maior, que as mariscadoras achacan ás verteduras nas Brañas, fundamentalmente polo abandono de mantemento da canle de desaugue e das propias Brañas. En febreiro e marzo de 2016 foron catastróficas, arrasando toda a ameixa que había.
- As verteduras incontroladas que provocan frecuentes peches por presenza nas augas de toxinas fecais.



Outro problema na Ría é a presenza frecuente de furtivos, incluso nos peches por toxinas, co risco para a saúde pública que isto conleva.

Aínda que se tramitan denuncias ante a Garda Civil, estas trasládanse á Inspección Pesqueira que, teoricamente, as comunica aos seus inspectores. A realidade é que ante a falta de persoal estes inspectores nunca aparecen por esta Ría.

As mariscadoras denuncian tamén que as solicitudes de indemnizacións polas riadas de febreiro e marzo de 2016, presentadas ante a Delegación do Goberno, non son tramitadas e non reciben ningunha contestación. Por contra, si o fixeron cos particulares afectados nos seus bens.

É imprescindible acometer canto antes solucións para todos estes problemas, xa que é intolerable que nestes momentos as administracións estean de costas a esta Ría que podería xerar moitos postos de traballo na zona e aportar ao importante sector turístico e restaurador de Sada uns produtos de grande calidade, sobre todo se foran identificados pola súa orixe.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que intervir de maneira urxente para dar solucións e poñer de novo en valor a Ría de Sada para a actividade do marisqueo.

A este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1- Actualizar e poñer en marcha o proxecto de rexeneración da praia de Sada.
- 2.- Por en marcha, de maneira urxente, as obras para a mellora da canle de



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/01/2017 10:08  
Nº Rexistro: 3326  
Data envío: 16/01/2017 10:08:17.030



desaugue das Brañas.

3.- Desenvolver inspeccións e estudos para detectar e corrixir a orixe dos vertidos fecais.

4.- Incrementar o persoal de inspección pesqueira para posibilitar un efectivo control do furtivismo na Ría de Sada.

5.- Instar á Delegación do Goberno en Galicia a tramitar, de maneira urxente, as solicitudes das mariscadoras de Sada a poder optar ás axudas polas riadas producidas na súa localidade nos meses de febreiro e marzo de 2016.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 16/01/2017 10:06:34**

**Luis Villares Naveira na data 16/01/2017 10:06:46**

**Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**

**Día: 23.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 3751(10/PNC-000353)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno do Estado coa empresa Alcoa destinadas a abrir ao tráfico comercial o dique norte do porto comercial de San Cibrao

*Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/01/2017 12:13**  
**Nº Rexistro: 3751**  
Data envío: 19/01/2017 12:13:28.636

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

A multinacional Alcoa explota en réxime de concesión o porto comercial de San Cibrao, na Mariña Lucense, construído polo INI cunha concesión cuxa data de caducidade remata no ano 2022. Alcoa só utiliza o dique sur das mencionadas instalacións, mentres leva anos en desuso o dique norte que podería adaptarse para abriro ao tráfico comercial.

O estudio de viabilidade elaborado en 2010 por Portos de Galicia avalía a idoneidade de rescatar o dique norte, neste momento servindo unicamente de dique de abrigo, para usos comerciais independentes dos da concesionaria Alcoa. Este informe conclúe na viabilidade funcional desta infraestrutura cunha zona de atraque de 240mts, 12mts de calado e mais de 50.000m<sup>2</sup> de explanada con conexións terrestres por estrada e ferrocarril. En canto á viabilidade económica cualifícase de “rentable nun período razoable” con unha inversión na infraestrutura portuaria de 15,5 millóns de euros. O estudo de Portos de Galicia establece un cronograma de actuacións para a súa posta en funcionamento de seis anos. En canto ao proceso para o rescate para usos comerciais desta infraestrutura, Portos de Galicia propón a creación dun grupo de traballo composto por Portos de Galicia, Autoridade Portuaria Ferrol - San Cibrao e Alcoa.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/01/2017 12:13**  
**Nº Rexistro: 3751**  
Data envío: 19/01/2017 12:13:28.636

Ademais, o feito de habilitar un peirao de atraque de 240mts de longo no dique norte permitiría a entrada de barcos mercantes de mais de 45.000 toneladas. Trátase pois dun proxecto que tería unha importante aportación á dinamización socioeconómica da comarca de A Mariña, sobre todo no relacionado coa exportación de mineral e moi especialmente na exportación de madeira. Neste sentido hai que ter en conta que o feito de non contar cunha infraestrutura portuaria, significa un grave prexuízo para o tecido empresarial da zona que se ve na obriga de desenvolver a súa actividade de internacionalización a través doutros portos.

A importante actividade de produción madeireira desta comarca vese dificultada pola inexistencia de portos de gran calado na zona para a exportación a gran volume. Desde o sector da madeira, tanto produtores coma comercializadores reivindicán tamén a apertura ao tráfico comercial do dique norte de Alcoa ao consideraren tamén que o transporte en barco é o mais axeitado para o mercado da madeira.

Trátase dunha vella demanda que sempre contou cun amplo respaldo social, económico e político e que conta co aval do Congreso dos Deputados. Recordamos que o BNG trasladou esta reivindicación en diversas ocasións ao Congreso, logrando que fose aprobada por unanimidade unha proposición non de lei o 25 de setembro de 2008 neste sentido. Daquela solicitábase ao Goberno Central o inicio das negociacións coa multinacional Alcoa nun prazo de tres meses a fin de que se procedese a liberalizar o dique norte do porto de Morás.

Tanto a Deputación de Lugo como diferentes concellos da comarca de A Mariña pediron a mencionada liberalización. A pesar da existencia de todos estes acordos, así como do seu amplo apoio social e económico, nin os gobernos do PSOE nin os gobernos do PP en Madrid procederon a realizar o mais mínimo movemento.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/01/2017 12:13**  
**Nº Rexistro: 3751**  
Data envío: 19/01/2017 12:13:28.636

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno do Estado a realizar as negociacións oportunas diante da empresa multinacional Alcoa para abrir ao tráfico comercial o dique norte do porto comercial de San Cibrao, que leva anos en desuso posto que a empresa multinacional só utiliza o dique sur.”

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2017 12:12:51**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/01/2017 12:12:56**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/01/2017 12:13**  
**Nº Rexistro: 3751**  
Data envío: 19/01/2017 12:13:28.636

**María Montserrat Prado Cores na data 19/01/2017 12:13:01**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2017 12:13:04**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2017 12:13:08**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2017 12:13:11**

**Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**

**Día: 23.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 4404(10/PNC-000417)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da ratificación do Convenio 188 da Organización Internacional do Traballo, referido ás condicións de emprego, traballo e vida a bordo das persoas que traballan nos barcos de pesca

*Publicación da iniciativa, 62, 08.02.2017*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do súa deputada, María Dolores Toja Suárez e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O convenio 188 da Organización Internacional do Traballo aprobouse en xuño de 2007, co obxectivo de que as persoas que traballan nos barcos de pesca teñan condicións decentes de emprego, traballo e vida a bordo. Este sector caracterizado por ter condicións moi duras e perigosas de traballo, así como pola coexistencia de pequenas empresas familiares dedicadas á pesca artesanal xunto con empresas dedicadas a pesca industrial.

O convenio responde aos desafíos que implica a globalización con disparidade de condicións de vida e traballo a bordo dos buques, así como a aplicación de normas de seguridade e control.

Tamén busca un desenvolvemento sostible do medio mariño tendo en conta a harmonización social, preservación da seguridade e do medio ambiente mundial.

O Convenio 188 da OIT sobre o traballo na pesca, necesita da ratificación de como mínimo dez países, oito deles deben ser Estados ribeireños, para a súa entrada en vigor, e será efectiva un ano despois da última ratificación necesaria.

O último país en ratificar o Convenio foi Lituania o 16 de novembro de 2016, co cal, entrará en vigor efectivamente o 16 de novembro de 2017.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa o Goberno central e lle esixa que de forma inmediata ratifique o Convenio 188 da OIT.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 4404**  
Data envío: 01/02/2017 18:38:15.900



---

**Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

---

**María Dolores Toja Suárez na data 01/02/2017 18:34:47**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Julio Torrado Quintela na data 01/02/2017 18:35:06**

---

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2017 18:35:26**

**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 23.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 4830(10/PNC-000467)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante da Unión Europea en relación co tipo de botiquín de medicamentos exixido para as embarcacións da frota de baixura

*Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/02/2017 16:30  
Nº Rexistro: 4830  
Data envío: 09/02/2017 14:35:26.127

### A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Carlos E. López Crespo**, **Teresa Egerique Mosquera**, **Marián García Míguez**, **Aurelio Núñez Centeno**, **Alberto Pazos Couñago**, **Marta Rodríguez Arias** e **Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

### Exposición de motivos

A esixencia de levar un botiquín do tipo C para embarcacións aparece recollido nunha directiva comunitaria e neste momento atópase nun período de revisión, polo que é importante canalizar axeitadamente este malestar que provoca nunha flota, a de baixura, que faena moi preto da costa e se compón de preto de 3.800 unidades.

Esta normativa que actualmente está en vigor obriga a levar un botiquín de medicamentos que é bastante custoso e complicado de utilizar, debido a que as embarcacións son pequenas e non teñen ponte polo que cómpre suavizar esta normativa por parte da UE.

Por isto, é necesario traballar co resto de administración implicadas na busca dunha normativa de seguridade a bordo que sexa máis favorable ao noso sector de pesca a pequena escala, con especial incidencia na obtención dunha obriga axeitada de porte de botiquíns, afondando nesta petición de mellora da transposición da directiva comunitaria destinada a promover unha mellor asistencia médica a bordo dos buques.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse á Unión Europea para explicar a realidade da flota de baixura a efectos de que se simplifiquen as esixencias, en torno aos botiquíns, adecuándoas ás circunstancias de proximidade, inmediata asistencia médica e limitación de espazo a bordo das nosas embarcacións.”

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/02/2017 16:30  
Nº Rexistro: 4830  
Data envío: 09/02/2017 14:35:26.127**

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 09/02/2017 14:26:52**

**Carlos Enrique López Crespo na data 09/02/2017 14:27:06**

**Teresa Egerique Mosquera na data 09/02/2017 14:27:17**

**María Ángeles García Míguez na data 09/02/2017 14:27:30**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 09/02/2017 14:27:41**

**Alberto Pazos Couñago na data 09/02/2017 14:28:13**

**Marta Rodríguez Arias na data 09/02/2017 14:28:30**

**Daniel Vega Pérez na data 09/02/2017 14:28:41**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**

**Día: 23.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 5374(10/PNC-000513)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a creación polo Goberno galego dos puntos de amarre para embarcacións recreativas necesarios para atender a demanda existente no Porto Chico de Foz

*Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e dos seus deputados **Francisco Casal Vidal e Juan José Merlo Lorenzo**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vila de Foz, na Mariña de Lugo, dispón na actualidade de dous portos con uso mixto, profesional, para o sector pesqueiro, e recreativo.

En canto ao seu uso recreativo, existe arestora unha demanda non satisfeita de puntos de amarre, xa que existe unha lista de espera de 64 solicitudes, segundo datos facilitados pola Asociación a Ribeira de Foz e o Club náutico de Foz.

O Porto Chico ten unhas dimensións que permitirían a creación de entre 200 e 300 puntos adicionais de amarre para embarcacións de recreo, sen a necesidade de realización de obras de adaptación significativas sobre a infraestrutura actual, máis alá da necesidade de dragado do Porto Chico, que é perentoria á marxe da creación ou non de puntos novos de amarre.

O uso recreativo do Porto Chico en Viveiro xera unha economía positiva asociada a un turismo de calidade e sostible, na medida en que consolida a Mariña como destino de turismo náutico e no caso que nos ocupa a creación dos novos puntos de amarre non supón obras de infraestrutura no Porto existente, co que o impacto ambiental do incremento de actividade sería inexistente.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/02/2017 10:37  
**Nº Rexistro: 5374**  
Data envío: 20/02/2017 10:37:32.514



Adicionalmente, as rendas asociadas ao aboamento dos puntos de amarre fan do seu incremento unha actividade con retorno positivo para a administración.

En definitiva, a creación de novos puntos de amarre, atendendo á lista de agarda existente e ampliando a oferta actual redundaría no sector turístico da vila e de toda a comarca, amais da creación do emprego asociado a isto.

Por todo o anterior, dende o Grupo Parlamentario de En Marea formulamos a seguinte PROPOSICIÓN NON DE LEI:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que proceda á creación de novos puntos de amarre para embarcacións recreativas no Porto Chico de Foz, en número suficiente, para atender a demanda existente, tendo en conta as dimensións actuais da infraestrutura.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do GP de En Marea

Paula Vázquez Verao

Francisco Casal Vidal

Juan José Merlo Lorenzo

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/02/2017 10:37**  
**Nº Rexistro: 5374**  
Data envío: 20/02/2017 10:37:32.514



**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 20/02/2017 10:34:02**

**Paula Vázquez Verao na data 20/02/2017 10:34:11**

**Francisco Casal Vidal na data 20/02/2017 10:34:19**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 20/02/2017 10:34:33**

**Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**

**Día: 23.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.7 5379(10/PNC-000514)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a unificación polo Goberno galego da cota pesqueira galega e a demanda ao Goberno central de establecemento dun novo modelo de repartición de cotas baseado en criterios de mantemento da actividade e do emprego

*Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017*



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/02/2017 10:55**  
**Nº Rexistro: 5379**  
Data envío: 20/02/2017 10:55:00.170

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, relativa a coñecer as medidas adoptadas pola Xunta de Galiza para demandar do Estado un novo modelo de reparto baseado en criterios de mantemento da actividade e emprego.

Na primeira visita que realiza a Galiza o novo Secretario Xeral de Pesca do Goberno español, deixa totalmente desautorizada á Conselleira do Mar do Goberno galego, ao afirmar a existencia de problemas na xestión das cotas no Caladoiro Cantábrico Noroeste, especialmente grave para a flota galega. A Conselleira defendía con uñas e dentes o actual modelo individual de reparto baseado en supostos dereitos históricos e xustificaba a boa marcha do modelo individual co incremento das descargas e os bos prezos.

Un modelo baseado nos supostos dereitos históricos, que ofreceu un reparto beneficioso para as comunidades do Cantábrico en especies como a xarda pero tremendamente prexudicial para a flota galega e que no caso do cerco foi a propia Conselleira a que se encargou de dividir ao sector e rematar dicindo que os únicos que piden o cambio son os pertencentes a Acerga, o resto están cómodos coa actual situación.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/02/2017 10:55**  
**Nº Rexistro: 5379**  
Data envío: 20/02/2017 10:55:00.170

Agora resulta que López-Asenjo, non só detecta graves problemas de xestión, senón que descubre graves irregularidades no reconto de cota, de tal xeito que mentres á flota galega non lle chegou a cota ou foi sancionada por excederse e algún barco multado por capturar especies esgotadas, resulta que quedaron toneladas sen pescar. Este ano 6.000 toneladas de xurelo e 1.000 toneladas de xarda.

O grave da situación é que foi o propio Secretario Xeral quen realizou esta reflexión mentres a responsable de Mar de Galiza permanece coa boca pechada. Semella que o sector encontra maiores sensibilidades no Estado que na propia administración galega.

Pero non nos enganemos, en Madrid saben da gravidade do problema, pero no canto de cuestionar o actual modelo, fala de establecer mecanismos de solidariedade e diálogo, de forma que se poida lograr un aproveitamento óptimo do recurso. Mentres que por parte galega nada se ten avanzado. Esperemos que coa nova responsable da Dirección Xeral se vaian adoptando medidas como: unificar a cota galega, unificar as zonas de pesca galega ou establecer unha mesa de diálogo para realizar un plan de xestión conxunto da cota galega.

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a unificar a cota galega e demandar do Estado un novo modelo de reparto baseado en criterios de mantemento da actividade e emprego.”



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/02/2017 10:55**  
**Nº Rexistro: 5379**  
Data envío: 20/02/2017 10:55:00.170

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/02/2017 10:34:55**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/02/2017 10:35:00**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/02/2017 10:35:04**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/02/2017 10:35:08**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2017 10:35:12**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/02/2017 10:55**  
**Nº Rexistro: 5379**  
Data envío: 20/02/2017 10:55:00.170

**Ana Pontón Mondelo na data 20/02/2017 10:35:16**